




O SÉCULO DA RAZÓN. CRISE DO ANTIGO RÉXIME

**Transformación política. O
camiño á cidadanía**





ECONOMÍA AGRÍCOLA E SEÑORIAL



- ☐ Economía fundamentalmente rural.
- ☐ Propiedade da terra vinculada ou *de man morta*.
- ☐ Réxime señorial:
 - ✓ Pago de rendas.
 - ✓ Dereitos señoriais.
 - ✓ Xurisdición sobre as terras.
- ☐ Pago do décimo á Igrexa.
- ☐ Agricultura rudimentaria con baixa produtividade.
- ☐ Economía de subsistencia.
- ☐ Desenvolvemento da burguesía: artesanado, manufacturas, comercio.

A SOCIEDADE ESTAMENTAL

⇒ Definida pelo nascimento



PRIVILEXIADOS: NOBREZA E CLERO



- Exención fiscal.
- Monopolio dos cargos públicos (herencia).
- Oficialidade do exército.
- Propietarios de terras ⇒ SEÑORÍOS
 - Cobro de rendas.
 - Xurisdición sobre as terras e os habitantes.

Nobreza

- Antiga nobreza ⇒ por nacemento.
- Nobreza nova ⇒ por servizos, matrimonio ou compra de título.
- Diferenzas: alta nobreza (duques, condes).
 baixa nobreza (baróns, fidalgos).

Clero

- Grandes propietarios de terras (reciben rendas).
- Cobro dos décimos.
- Diferenzas: alto clero (bispos, abades).
 baixo clero (cregos, monxes, párrocos).

NOBREZA



Emperador



Rey



Duque



Marqués



Conde



Visconde



Barón

CLERO




Papa




Cardenal




Arzobispo



Obispo



Canónico



Vicario



Padre

O clero





NON PRIVILEXIADOS: TERCEIRO ESTADO

- Pagan impostos.
- Grupo moi heteroxéneo.
 - **Burguesía:** Alta (banqueiros, comerciantes).
Pequena burguesía (artesáns, tendeiros).
 - **Asalariados:** empregados, criados.
 - **Campešiños e xornaleiros:** traballan no campo nas súas terras (propiedade ou arrendadas) ou nas de outros (a cambio dun xornal).
 - Pobres, vagabundos.

O terceiro estado




Casa-obradoiro dun artesán



Campesiñado




Burguesía



ECONOMÍA E SOCIEDADE DO ANTIGO RÉXIME

1. Como era a agricultura do Antigo Réxime?
2. Define: economía de subsistencia.
3. Como se organiza a sociedade estamental?
4. Cales son os privilexios dos privilexiados?
5. Os non privilexiados que teñen en común?
E cales son as diferenzas entre eles?

CRECEMENTO ECONÓMICO E DESENVOLVEMENTO BURGUÉS



- Melloras no campo
- Novas terras aradas
- Novos cultivos e técnicas




**Aumento da
producción**


- Producción artesanal controlada polos **gremios**




Novas formas de producir para escapar do seu control:

- **Traballo a domicilio**
- **Manufacturas**





- Auxe do capital e da burguesía polo desenvolvemento do comercio internacional ⇒ **COMERCIO TRIANGULAR**
- Busca do beneficio pola produción e comercio, máis que polas rendas da terra



Comercio triangular


Gran
Bretaña



Compañía
das Indias
Orientais




Holanda



CAMBIOS ECONÓMICOS

1. Relaciona os cambios na agricultura co crecemento da poboación.
2. Por que os gremios van desaparecer?
3. Explica en que consiste o *comercio triangular*.

A MONARQUÍA ABSOLUTA



Luis XIII (1614-1643)




Richelieu (1582-1642)




Luis XIV (1643-1715)



Luis XV (1723-1765)




- ☐ Orixe divina do poder.
- ☐ Súbditos sen dereitos.
- ☐ Non hai dereitos nin liberdades.
- ☐ Censura.
- ☐ Concentración do poder na figura do rei:
 - ✓ Lexislativo.
 - ✓ Xudicial.
 - ✓ Militar.
 - ✓ Política exterior.
- ☐ Límites:
 - ✓ Lei divina.
 - ✓ Leis de cada reino.




A MONARQUÍA ABSOLUTA

1. Que é a monarquía absoluta?
2. Quen comeza a cuestionar o poder do rei? Explica os argumentos de cada grupo.



FACTORES DE CAMBIO

- A burguesía:
 - Tiña o poder económico e aspiraba ao poder político.
 - Pedía o recoñecemento dos méritos individuais e non o nacemento.
- Clases populares:
 - Oposición dos campesiños ao réxime señorial polos excesivos impostos.
 - Nas cidades miseria pola subida dos prezos dos alimentos.
- Ilustración ⇒ Novos modelos sociais e políticos.




SISTEMAS PARLAMENTARIOS: GRAN BRETAÑA

- **Parlamento** bicameral: Cámara dos Lores e Cámara dos Comúns.
 - **Debe ser consultado polo rei.**
- S. XVII: Os reis Estuardo tentan gobernar como reis absolutos
Reacción do Parlamento ⇒ **Guerra Civil**
 - ✓ 1649: Carlos I decapitado e proclamación da República (**CROMWELL**)
 - ✓ 1660: Restablecemento da monarquía con **Carlos II**
 - ✓ 1679: O rei acepta as **LEIS DE HABEAS CORPUS**



- Recoñecemento das liberdades individuais.
- Dereitos da persoa detida: detención con probas, dereito a un xuízo rápido e xusto, dereito a un avogado.

- ✓ 1689: Volta ao absolutismo de Xacobe II ⇒ **2ª Revolución.**
 - O rei Guillerme de Orange debe aceptar a **Declaración de Dereitos (Bill of Rights).**




Carlos I Estuardo (1625-1649)




Cromwell (1599-1658)
Commonwealt (1649-1660)

O Habeas Corpus Act (1679)



Carlos II (1660-1685)

Que se declare que, sempre que alguén presente a un dos oficiais ou *sherifs* do cárcere unha solicitude escrita de Habeas Corpus para unha persoa que se atope en detención preventiva (en espera de xuízo), o oficial ou o sherif, de acordo co contido da presente lei, terá que liberar a este prisioneiro no prazo dos tres días seguintes á presentación deste escrito.



The Bill of Rights (1689)

- 1º Que o presunto poder da autoridade real para suspender as leis ou a execución das leis sen o consentimento do Parlamento, é ilegal.
 - 4º Que a recadación de diñeiro para a Coroa ou para o uso da mesma, so pretexto de prerrogativa e sen consentimento do Parlamento, para un período de tempo máis longo e dun xeito distinto ao autorizado polo Parlamento, é ilegal.
 - 5º Que é un dereito dos individuos presentarlle peticións ao Rei, e que todo encarceramento por mor destas peticións é ilegal.
 - 9º Que a nin a liberdade de palabra nin a dos debates ou procesos no seo do Parlamento pode ser coartada ou posta en discusión en ningunha Corte nin en ningún outro lugar.
 - 10º Que para lles encontrar un remedio a todos os problemas, corrixir, fortificar e manter as leis, é necesario reunir frecuentemente o Parlamento.
- E esixen e proclaman encarecidamente todo o dito anteriormente como os seus dereitos e liberdades incontestables.

LOCKE

(1632-1704)




Resulta, pois, evidente que a monarquía absoluta, á que certas persoas consideran como único goberno do mundo, é unha realidade incompatible coa sociedade civil e, por iso, non pode nin sequera considerarse como unha forma de poder civil (...).


Ao partirse do suposto de que ese príncipe absoluto reúne en si mesmo o poder lexislativo e o poder executivo sen participación de ninguén, non existe xuíz nin maneira de apelar a ninguén capaz de decidir con xustiza e imparcialidade, e con autoridade para sentenciar, ou que poida remediar ou compensar calquera atropelo ou dano que ese príncipe teña causado, por si mesmo, ou por orde súa.

Dous tratados sobre o goberno civil, 1690.

A ILUSTRACIÓN

- S.XVIII ⇒ Século das Luces ou da Razón.
- Movimento impulsado por unha minoría de intelectuais (*philosophes*).
- Características da Ilustración:
 - O racionalismo e o empirismo ⇒ Fe na razón e na experiencia para conseguir o progreso.
 - Necesidade das reformas como medio para alcanzar o progreso.
 - Predominio do pensamento aplicado sobre o especulativo.






- Amor á natureza e preténdese descubrir as leis que a rexen.
- Defensa dunha relixión natural (deísmo) ⇒ Crenza nun ser supremo que ordena a máquina do universo.
- Tolerancia.
- Aumento da edición de libros, aparición do xornalismo e desenvolvemento da opinión pública.
- Obxectivo último ⇒ A felicidade do home.




Os pensadores ilustrados



- Crítica ao sistema vixente.
- Propostas para limitar o poder, igualdade ante a lei e liberdade individual e económica.
- **MONTESQUIEU**
 - División de poderes:
 - **Lexislativo** no Parlamento (cámara de representantes).
 - **Executivo** no goberno.
 - **Xudicial** nos xuíces e tribunais.



Montesquieu
(1689-1755)




● ROUSSEAU

- Orixe do poder político
⇒ **Contrato social.**
- **Cidadán** : Liberdade individual, dereitos políticos.
- **Soberanía popular** ⇒ Democracia directa ou representativa.
- **Vontade xeral** base da soberanía e da lei.



Rousseau
(1712-1778)



- **VOLTAIRE**

- Oposición ao absolutismo.
- Tolerancia.
- Educación para o progreso.
- Relixión natural.
- Igualdade fiscal.




- **ADAM SMITH**

- O interese individual é beneficio para a colectividade.
- **Oferta e demanda** únicos reguladores do mercado.
- O Estado non intervén na economía.
- Teórico do capitalismo.




Difusión da Ilustración

- **A ENCICLOPEDIA (1751-1772)**
 - Recompilación dos saberes da época.
 - Diderot, D'Alembert, Montesquieu, Voltaire.
- **SALÓNS** ⇒ Discusións, crítica á tradición e ás institucións, lecturas dos ilustrados.
- **SOCIEDADES e ACADEMIAS** patrocinadas polos reis ilustrados.
 - Fomento da ciencia (Reais Academias).
 - Divulgación das reformas (Sociedades de Amigos do País).



O Despotismo Ilustrado




Catalina II de Rusia (1726-96)




Xosé II de Austria (1742-90)

Europa en la segunda mitad del siglo XVIII





- Combinación do absolutismo con reformas inspiradas na Ilustración.
- Os reis *modernizan* o país con reformas en reinos atrasados (España, Austria, Rusia, Prusia, Portugal).
- Reformas:
 - Racionalización da Administración.
 - Fomento da educación.
 - Modernización económica.
- O poder é divino e o pobo non ten opinión.
 - ↳ *Todo para o pobo pero sen o pobo.*
- Influencia mínima en países máis desenvolvidos ⇒ Burguesía.



MULLERES NO S.XVIII

Isabel de Farnesio
Catalina II de Rusia
Josefa Amar y Borbón
M^a Josefa Pimentel, duquesa de Osuna
Marie Paulze Lavoisier
Mary Somerville
Anne Conway
Margaret Cavendish
Maria Sibylla Merian
Caroline Herschel
Anna Magdalena Bach
Marie Louise Vigée-Lebrun
Germaine de Staël
Émilie du Châtelet